




FENDER RECORTAR ATOPAR

Jesús Valmaseda

Do 3 de setembro
ao 1 de novembro de 2026

.....

Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO



FENDER, RECORTAR, ATOPAR

Jesús Valmaseda

Fender, recortar son accións aplicadas á materia, indutoras dos achados que agroman durante o proceso creativo. Os materiais e as diferentes técnicas van marcar os límites formais, mais non determinan, aínda que si acompañan, o sentido conceptual que é o fío condutor da exposición: unha visión crítica e pouco esperanzada sobre o devir das sociedades contemporáneas nos ámbitos político, económico, social e ambiental.

Descubrir o interior a través do acto violento de rachar a madeira para sacar á luz as texturas internas; amosar as caras positiva e negativa, antes ligadas nun só corpo; intervenir con cores diferenciadas as partes interiores, de texturas orgánicas, e as externas —planas, lisas e con arestas rectas—; abrir as partes e pechallas de novo, recuperando a forma de prisma compacto... Eses son os xestos preñados de intuicións que deron lugar ás pezas da serie *Fendas* (2024).

A serie *Corte e recorte* (2025) aproveita como material para a escultura revistas e libros recollidos do lixo e no punto limpo de varias localidades. O feito de que fosen desbotados

evidencia o menosprezo polos formatos non dixitais por boa parte da sociedade contemporánea.

Esta serie recupéraos para suxerir xeomorfismos, franxas paisaxísticas ou composicións de abstracción xeométrica que ben poden suxerir grandes fachadas de edificios, andeis ateigados de libros, ou...

As pezas da serie *Porose* (2013-2025), á que pertencen, entre outras, as obras *8* (2013), *Pelouros* (2025) ou *Arquipélago* (2025), adoptan diversidade de formas que comparten a característica de estaren multiperforadas, atravesadas por cilindros ocos (tubos de cartón refugados sobre os que se enrolaban materiais comerciais) que converten as obras en corpos sólidos esburacados.

Acumulación dá nome a un andel de 12 metros ateigado de pequenas pezas con valor escultórico, como recortes de taller, obxectos atopados, útiles de traballo xa xubilados... O título quere aludir á excesiva produción de cousas, materiais e inmateriais, que está no ADN do capitalismo.




Imaxe da portada

Orbitando, 2013 (serie *Orbitando*)

Imaxe da contraportada

Fachada (fragmento), 2025 (serie *Corte y recorte*)



S/t, 2024 (serie *Fendas*)

Arquitectura da desolación é unha serie iniciada en 1998 composta por habitáculos herméticos, hábitats claustrofóbicos que, máis que fogar, morada e refuxio dos desexos, suxiren o encarceramento de todo proxecto vital de futuro; vidas a esgalla hipotecadas por un espellismo de prosperidade. Desta serie amósase a obra *Enchente*: casas semiafundidas no seu reflexo que parecen flotar á deriva, arrastradas pola corrente da especulación inmobiliaria ou por unha idea irracional de urbanismo, indiferente aos riscos de obstaculizar o discorrer natural das augas.

Orbitando traslada o punto de vista a unha perspectiva distante e totalizadora, facendo referencia ao estado de inercia da sociedade global. A un deixarse ir á deriva nun narcotizante ciclo infinito, magnetizada por unha situación hipnótica que ameaza co colapso. Como elemento simbólico desa idea xorde aquí a cidade: a cidade como organismo físico, xérmolo dun ente hipertrófico que ten o seu pleno desenvolvemento nas grandes cidades de novo cuño.

A cidade contemporánea como manifestación dunha ocupación invasiva, dunha concentración de artificios en continua expansión na que toda proporcionalidade e relación equilibrada co medio desapareceu. A cidade como hóspede que agrade ao anfitrión e así se autoaniquila.

As megacidades como buratos negros que absorben toda a enerxía, que todo o devoran, devolvendo só refugалlos en deposicións diarreicas, sen intervalo, sen tregua.

A cidade como paradigma de vulnerabilidade. Expresión dramática dun organismo dependente de todo tipo de subministracións.

A cidade expandida, que en imaxes nocturnas de satélite semella o «lucérío» dunha verbena planetaria, unha festa popular que apuramos masivamente antes de que o previsible e anunciado cortocircuito xeral poña o final definitivo.



FENDER RECORTAR ATOPAR

Jesús Valmaseda



Casa das Artes

Rúa Policarpo Sanz, 15. Vigo.

Do 3 de setembro ao 1 de novembro de 2026

Luns, mércores e venres: de 18:00 a 21:00 h

Martes e xoves: de 11:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

Domingos: de 12:00 a 14:00 h



Descarga
folleto galego



Descarga
folleto castellano

REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa das Artes

**CONCELLO
DE VIGO**

